

XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AS-PG serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Registre público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a AS-PG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Registre de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de novembro de 2015**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de agosto de 2016**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.
2. Para o caso de que a AS-PG non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de xuño de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2016**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a AS-PG perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICTION COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de marzo de 2016
E en proba de conformidade, asinan por cuadripulado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.

A DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O PRESIDENTE DA ASOCIACION SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

(AS-PG)

Asdo.: Goretti Sanmartín Rei

Asdo.: Xoan Costa Casas



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO Y CONTRATACION



Número 63/2016

Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) para financiar o Tíralle da Lingua 2015

Na Coruña, o 22 de abril de 2016 de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia num. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Xoan Costa Casas, presidente da Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) é un movemento de renovación pedagógica de dinamización e divulgación da nosa cultura. A AS-PG leva máis de trinta e cinco anos de traballo continuado na formación permanente do profesorado, na actualización tanto de métodos como de contidos no ensino e na edición de numerosos materiais didácticos. A AS-PG sempre traballou na procura da normalización plena da nosa lingua, tanto a nivel de uso como de instrumento vehicular no ensino.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de Autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG), ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) CIF G15154297, para financiar o Tíralle da Lingua de 2015-2016, un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Kornadas de Expresión Oral

Deseño, maquetación e publicidade..... 1.000 €

Envíos a centros..... 800 €

Docencia..... 1.600 €

Impresión, programas e carteis..... 900 €

Elaboración programa, xestión e organización..... 800 €

Outros gastos..... 200 €

Concurso de Relato Oral Tíralle da Lingua

1º Premio aos concursantes (3 x 250)..... 750 €

2º Premio (3 x 150)..... 450 €

Premios a centros..... 1.200 €

Sesión de contacontos nos centros..... 2.500 €

Dinamización e presentación do Concurso..... 300 €

Impresión, maquetación e distribución da publicidade..... 1.400 €

Organización e xestión..... 1.900 €

Colaboración cos centros no transporte do alumnado..... 3.000 €

Outros gastos..... 400 €

TOTAL

18.200 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **14.560,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, enténdese que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/3344/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abono sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AS-PG para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponde á AS-PG. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á AS-PG, nin con calquera outra na que concorra algúna das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalguna das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a AS-PG deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AS-PG tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AS-PG.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á AS-PG unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AS-PG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acreedores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demás xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de novembro de 2015 e o 31 de maio de 2016**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a AS-PG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xuño de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á AS-PG para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AS-PG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AS-PG na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AS-PG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A AS-PG deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A AS-PG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posibel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AS-PG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AS-PG poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AS-PG queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de ejecución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6º das de ejecución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar ó importe de 900,00 €.